




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Rianxo. Parroquias: Santa Comba de Rianxo ao oeste, e SantaMaría de Leiro ao leste. Extensión: 6,42km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade de transición entre ambientes de estuario e de costa acantilada dada a súa proximidade á desembocadura do Río Ulla. Por iso combina tramos de costa baixa con depósitos sedimentarios areoso-fangosos intermareais e submareais someros, especialmente na súa metade oriental, e sectores cantís rochosos, en xeral baixos ou mesmo microacantilados. A iso hai que engadir pequenas praias como as de Sartaxens, Lodeiro, Porrón ou Tanxil máis ou menos modificadas artificialmente. Por último gran parte da costa occidental perdeu o seu perfil orixinal en torno ao núcleo urbano de Rianxo e as súas instalacións portuarias. A parte continental da unidade presenta un relevo de pendente suave na franxa costeira que aumenta progresivamente cara á cabeceira nos montes da Pena e Leiro, modelado por unha rede fluvial pouco significativa na que tan só cabe destacar o arroyo da Grenla.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Bandas de orientación xeral NO.-SE. A sucesión, de O. a E. é: o saínte de Rianxo, con xistos e paragneises e algunhas intercalacións de paranfibolitas e cuarcitas, de Idade precámbrico-cámbrica, pertencentes ao "Complejo de Noia". Ao sur da capital, na costa, hai dique de pegmatitas e tres enclaves de granitoide migmático hercínico. Segue unha irregular banda de xistos e paragneises precámbrico-silúricos do Dominio Migmático e das Rochas Graníticas, Grupo de Laxe. Continúa cara ao leste unha irregular banda do granitoide migmático hercínico que pode presentar zonas graníticas orientadas. A área xistosa precámbrico-silúrica volve dominar no extremo leste, ocupando algunhas zonas internas meridionais da banda do granitoide. Na costa sucédense finamente, en bandas, os xistos e o granitoide. No extremo NE. aparece de novo o granitoide, algo que ocorre tamén no límite SO., acompañado de ortogneis glandular de Idade prehercínica. No Cuaternario destacan os depósitos de praia.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

O núcleo de Rianxo e a súa vertente inclúense no dominio climático Cálido e Húmido caracterizado por temperaturas medias anuais superiores a 15°C e precipitacións acumuladas de entre 1200mm e 1400mm ao longo do ano. A amplitude térmica media anual oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C.

OS SOLOS

Antrosóis no extremo occidental en torno ao núcleo urbano de Rianxo e a súa área de influencia. Tamén se identifican arenosos nos depósitos sedimentarios do sur da unidade onde se localizan as praias máis importantes. A vertente presenta chans evolucionados do tipo cambisol, dístrico e eútrico, e nos tramos de maior pendente da cabeceira (montes da Pena e Leiro) son os regosois e os leptosóis líticos os chans máis frecuentes.


AS AUGAS

A unidade, situada nas Augas de Transición da Ría de Arousa (20476) drena a auga superficial das ladeiras suroccidentais dos montes da Pena e Leiro, no medio dos cales o arroyo da Grenla e o pequeno arroyo que desemboca na enseada de Pico forman o val en torno ao cal se articula o resto da rede hidrográfica. Estes arrosos desembocan entre as puntas dá Grenla e de Muíños do Pico.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade con fronte mixta na que destacan os hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou fangosos intermareais e submareais someros. As praias existentes non teñen cordón dunar e a súa composición foi transformada artificialmente. Os tramos con cantís, puntas da Laxe, Penouseira, Pedra do Sal, Sebeira, do Castro, do Salto do Ladrón, da Pereira Sopapo, da Grenla e Redemuíños, presentan o hábitat 1230, cantís mariños atlánticos, ademais de existir potencialidade para o 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. Na fronte da chaira costeira son frecuentes as frondosas en aliñacións que adquiren máis talla se o factor hídrico inflúe (91E0), por exemplo en vaguadas. O Rego da Grenla achega máis masas de frondosas ripícolas, pero en xeral, estas e as máis costeiras conteñen especies non autóctonas formando realmente masas mixtas. En idéntica situación preséntanse as pequenas agrupacións de frondosas de recolonización a partir do abandono de prados e terras de labor.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na metade oeste da unidade desenvólvese o uso residencial vinculado ao porto e a actividade pesqueira e marisqueira, así como ao cultivo agrícola cara ao interior. No sector este, a pesar da existencia de dous importantes núcleos rurais: Brión e Abuín e outros asentamentos dispersos, predomina o uso forestal e en menor medida o agrícola. O resto da unidade confórmano manchas dispersas de masas forestais mixtas e de repoboación na parte norte e oeste, xa en cotas máis elevadas. O núcleo principal de Rianxo, situado na franxa costeira oeste, está arraigado nas actividades do sector primario, como o marisqueo, cultivo de mexillón e pesca de baixura. Apoiado ademais por un notable incremento turístico ao haber abundantes praias en todo o litoral da unidade. Existen actividades vinculadas á industria conserveira e un porto marítimo pesqueiro e con amarre para o uso deportivo. A partir deste núcleo primitivo e cara ao leste esténdese unha trama de edificacións que vai perdendo densidade para ir mesturándose cos terreos destinados aos cultivos agrícolas.

MORFOLOXÍA

O núcleo de identidade do litoral de Rianxo esténdese ao longo da franxa costeira. Seguindo o trazado da estrada C-3301 prolifera unha constelación de construcións de carácter urbano de baixo e planta. As edificacións tradicionais orixinarias do centro urbano de Rianxo mantéñense no casco histórico, mesturadas con outras máis recentes. A súa periferia experimentou un proceso de construción intensa con edificacións máis altas, compactas e de volumes alleos aos tradicionais. Esta morfopoloxía repítese na saída do núcleo pola estrada C-3301 en dirección ao municipio de Padrón. Próximo ao núcleo urbano hai unha agrupación de edificacións rurais que conforman o núcleo de Rianxiño que está a ser absorbido polo propio Rianxo, e que acolle os equipamentos e infraestruturas propias dunha pequena urbe en expansión. Máis ao leste e nas proximidades da estrada C-3301 están os núcleos rurais de Brión e Abuín. E de menor categoría os núcleos rurais da Pedreira e Cortes así como asentamentos dispersos polas cotas máis baixas da unidade próximas á franxa sur da costa. En canto á morfología das edificacións perduran as vivendas unifamiliares, alternadas no centro urbano e na periferia do mesmo cunha crecente presenza de construcións de maior volume e altura.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

O trazado principal constitúeo a estrada C-3301 que percorre lonxitudinalmente a unidade e limita a zona máis elevada destinada a monte das cotas máis baixas; desta estrada parten ramificacións que comunican os diferentes núcleos rurais. O resto dos viarios rodados levan ás diferentes praias e en xeral á costa ou ben vertebran o parcelario agrícola existente. Existen ademais pistas de terra de uso forestal nas zonas de monte e distintos tipos de pistas inconexas entre si que transcorren sensiblemente paralelas ao litoral. O núcleo urbano posúe un paseo marítimo que desemboca no porto. O porto de Rianxo está estratéxicamente situado na desembocadura do río Ulla na ría de Arousa.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Gran cantidade de xacementos como petróglifos (dos Mouchos, de Sobrelodeiro, numerosos nos Campos, en Brión e Abuín, nos Pozos e o do Pazo de Rianxiño) e tamén mámoas da cultura megalítica no Monte da Pena e as de Espiñeira e Abuín. Tamén se recollen o castro de Brión e o casco de Leiro. En canto ao patrimonio cultural e etnográfico atopamos dentro do casco histórico de Rianxo o Pazo do Martelo e a casa familiar de Castelao declarados Bens de Interés Cultural, tamén a igrexa parroquial de Santa Comba la de S. Xoán da Floresta e a de Guadalupe, a Casa do Concello, o Antigo Cuartel e a casa do Coxo, hoxe Museo do Mar, no porto a ermida de San Bartolomeu e na periferia do núcleo urbano de Rianxo, o Pazo de Rianxiño. Rianxo é ademais cuna de escritores insignes e podemos encontrarnos no casco histórico as casas onde viviron Castelao, Rafael Dieste e Manuel Antonio. As festas patronais como a da nosa Sra. de Guadalupe considerada a máis importante de Rianxo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A identidade desta paisaxe vén marcada polo núcleo de Rianxo, asentado nunha zona onde conflúen o influxo da desembocadura do Ulla e a natureza marítima da ría de Arousa. A dispersión do núcleo de oeste a este apoiado nunha fisiografía suave do terreo mestúrase con pequenas masas mixtas de vexetación arbórea, matogueira e parcelas agrícolas. As marxes oeste e sur son costeiras de baixa altitude con respecto ao nivel do mar, con abundantes zonas de praia propicias para o lecer e o turismo. Ao afastarnos da franxa costeira en dirección noroeste atopámonos ladeiras de relevo suave e cota máis alta no Monte da Pena. Hai asentamentos máis recentes que se desenvolven ao longo da estrada C-3301.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A singularidade da unidade reside no núcleo de Rianxo situado nunha enseada na desembocadura á ría de Arousa do río Ulla. Hai que sinalar a profundidade escénica creada coa dispersión dos núcleos e asentamentos ao longo do trazado da estrada C-3301 en dirección ao municipio de Padrón, mesturada con bosques e parcelas agrícolas que se van elevando lixeiramente respecto ás marxes da ribeira do río. Existen gran cantidade de xacementos como petróglifos e tamén mámoas da cultura megalítica no Monte da Pena e as de Espiñeira. Caben destacar os núcleos rurais de Brión e Abuín por acoller un castro e petróglifos, o primeiro, e petróglifos e mámoas no segundo. En canto ao patrimonio cultural e etnográfico atopámonos o propio casco histórico de Rianxo, dentro do mesmo a igrexa parroquial de Santa Comba e a de Guadalupe, e na periferia do núcleo urbano de Rianxo o Pazo de Rianxiño. Pódese obter unha visión de conxunto desde o monte da Pena; tamén hai puntos na fachada costeira que ofrecen intervisibilidade coa marxe oposta do río Ulla así como unha visión do horizonte da ría de Arousa.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS


A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Asentamentos espontáneos na fachada litoral, concretamente o tramo situado ao sueste de Rianxo que vai desde Cortes ata Punta Castro, co obxectivo de ordenar os usos do chan e evitar crecementos espontáneos na fronte costeira desvinculadas dos núcleos tradicionais rurais e sen funcións urbanas que xeren un continuo urbano que impida a contemplación do horizonte litoral.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









-  Chairas intermareais / Llanuras intermareales
-  Marismas / Marismas
-  Praias / Playas
-  Dunas / Dunas
-  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros
-  Cantis / Acantilados
-  Vexetación costeira / Vegetación costera
-  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos
-  Bosques de ribeira / Bosques de ribera
-  Bosques mixtos / Bosques mixtos
-  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización
-  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior

Núcleos de identidade do litoral / Núcleos de identidad del litoral

Praia / Playa

Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve











Toponimia de costa / Toponimia de costa

Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico

Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

-  0 m
-  -10 m
-  -20 m
-  -50 m
-  -100 m
-  -200 m
-  -500 m
-  -1000 m
-  -2000 m
-  -3000 m

-  Matogueiras / Matorrales
-  Cultivos e prados / Cultivos y prados
-  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
-  Viñedos / Viñedos
-  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
-  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
-  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
-  Outras masas de auga / Otras masas de agua
-  Canteira / Cantera
-  Artificial / Artificial












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



